

# ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA. CURSO 2021/2022

## De 2º a 4º de ESO

*NOVIDADES AVALIACIÓN ESO (Orde 25 xaneiro 2022) , art. 7*

Como resultado da modificación do sistema de avaliación, os apartados referidos á proba extraordinaria de Xuño desaparece así como a proba extraordinaria de setembro.

En vez de ordinaria e extraordinaria, agora hai **3 avaliacións parciais** (Decembro- Marzo e Xuño) e unha avaliación final ordinaria.

As 3 avaliacións parciais serán con boletín de notas informativo (tamén para seguimento de pendentes)

As probas da 3ª avaliación parcial serán durante os días 7-8-9 xuño.

Ao alumnado que teña a materia ou partes sen superar logo de realizada a 3ª avaliación parcial, o profesor realizaralle un breve Informe de Avaliación Individualizado (modelo proposto polo centro), a modo de documento interno de centro, no que se recollerá a situación do alumno/a e que servirá de base para o deseño das actividades de recuperación necesarias para acadar o nivel aplicando os correspondentes criterios de avaliación detallados na programación do departamento.

A superación positiva das 3 avaliacións parciais implica automaticamente a superación do curso. Cada unha das 3 avaliacións ten o mesmo peso na determinación da cualificación final.

As clases rematarán o 22 de xuño e no período ( dende o 6 ao 22 de xuño) entre a 3ª avaliación e a avaliación final se realizarán:

- Actividades de reforzo e recuperación para aqueles alumnos que non conseguiron superar algunha avaliación parcial.
- Actividades de ampliación, reforzo e tutoría para aqueles alumnos aprobados e que podrán ser avaliados de novo para mellorar a súa cualificación naquelas unidades didácticas nas que non obtivera a máxima cualificación . Poderán influir na nota final ata a subida dun punto como máximo se o profesor o considera oportuno, e en ningún caso poderán empeorar a nota.
- Actividades de ampliación, reforzo e tutoría para aqueles alumnos coa materia pendente.

Todas estas actividades serán avaliadas cos instrumentos de avaliación correspondentes que figuran na programación didáctica do curso 2021/2022

**A proba da Avaliación final** será durante os días 20-22 de xuño e será deseñada polo profesor de cada grupo de alumnos seguindo a forma teórico/práctica semellante á das probas parciais.

O alumno terá que facer a proba correspondente só das avaliacións non superadas.

O alumno terá a materia aprobada cando a nota sexa igual ou superior a “5”, conforme aos criterios de avaliación e cualificación recollidos na programación didáctica de referencia.

**A Avaliación final** , será os días 23 e 27 xuño, cando rematen as clases tralo que se entregará o boletín de notas finais coa cualificación definitiva das materias e a promoción / titulación ao curso seguinte decidido polo equipo docente.

## 1º e 2º BACHARELATO

*NOVIDADES AVALIACIÓN BACHARELATO (Orde 25 xaneiro 2022) AVALIACIÓN,  
art.13*

O curso serán **3 avaliacións parciais** con boletín de notas informativo (Decembro- Marzo e Xuño) e **unha avaliación final ordinaria** (1º Bach: xuño; 2º Bach: maio)

O período entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final ordinaria será para realizar.

- Actividades e probas de recuperación para os que suspenderon algunha avaliación.
- Reforzamento e ampliación para os aprobados...pero non modificarán as súas notas de ningunha maneira ao ser definitiva.

Ao alumnado que teña a materia ou partes sen superar logo de realizada a 3ª avaliación parcial, o profesor realizaralle un breve Informe de Avaliación Individualizado (modelo proposto polo centro), a modo de documento interno de centro, no que se recollerá a situación do alumno/a e que servirá de base para o deseño das actividades de recuperación necesarias para acadar o nivel aplicando os correspondentes criterios de avaliación detallados na programación do departamento.

Aqueles alumnos que non conseguiron superar algunha avaliación poderán presentarse a unha **proba de avaliación final ordinaria** ( que pode coincidir coa 3ª avaliación parcial):

- Teórico/ práctica para 1º Bach(6 ao 9 xuño)
- Teórica/ auditiva para 2º Bach (12 ao 16 maio).

A proba será deseñada polo profesor de cada grupo de alumnos seguindo a forma teórico/práctica semellante á das probas parciais. O alumno terá que facer a proba correspondente só das avaliacións non superadas.

Os resultados da avaliación expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco. Cando o alumnado non se presente ás probas consignarase non presentado/a (NP).

**A nota final da avaliación ordinaria** calcularase como media das 3 avaliacións (ou as correspondentes recuperacións) sempre que a mínima de cada unha sexa igual ou superior a 3. En caso contrario a cualificación será de insuficiente.

A avaliación ordinaria en 2º Bach será o 18 maio ( poderá coincidir coa 3ª avaliación parcial)

No período comprendido entre o 18 de maio e o 22 de xuño de 2022, o departamento organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización das probas extraordinarias.

**A proba de avaliación extraordinaria** ( días 20 ao 22 de xuño.) **obterase exclusivamente da cualificación dunha única proba :**

- Teórico/ práctica para 1º Bach
- Teórica/ auditiva para 2º Bach

Estas probas tratarán sobre os contidos mínimos do curso e se aplicarán os criterios de cuantificación e cualificación expostos na programación de referencia do presente curso 2021/2022. Os resultados da avaliación extraordinaria expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco. Cando o alumnado non se presente ás probas consignarase non presentado/a (NP).

**A avaliación extraordinaria en 2º Bach** será o 23 xuño cando rematen as clases.

Queda aprobada e ratificada esta addenda da programación de música na reunión extraordinaria do día 8 abril de 2022 , quedando exposta na web do centro no apartado do departamento en prazo anterior ao 11 de abril.

